



EDITORIAL GALAXIA | PERFIL

Con máis de seis décadas de traxectoria, Editorial Galaxia é o referente histórico indiscutible da edición en galego e un elemento clave no proceso de recuperación da lingua e a cultura desde Galicia iniciado nos anos máis escuros do franquismo.

Os seus máis de dous mil volumes editados e un catálogo vivo de mil títulos dan testemuño dese compromiso inquebrantado co patrimonio cultural da comunidade, ao que contribuíron non só coa publicación dos autores máis destacados das letras galegas, tanto clásicos como contemporáneos, senón tamén coa posta en marcha de proxectos tan ambiciosos e decisivos para a cultura e o pensamento como a Fundación Penzol ou a Revista Grial, que están inspirados por esa vocación plural, democrática, europeísta e galeguista que segue marcando a traxectoria de Galaxia.

A asemblea fundacional da editorial celebrouse o 25 de xullo de 1950 e estivo presidida por Ramón Otero Pedrayo, a quen arroupaban unha vintena de destacados personaxes da resistencia cultural e tamén política xurdida durante a ditadura en Galicia. Se ata ese momento a actividade editorial en galego desenvolveuse fundamentalmente no exilio, Galaxia vai converterse desde a súa fundación nunha das ferramentas máis eficaces e estables no renacemento da vida intelectual galega.

A actividade editorial de Galaxia estivo orientada desde o seu nacemento por tres personaxes fundamentais da cultura galega: Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla Couto e Ramón Piñeiro. Foi este último o seu primeiro director literario e o seu gran animador intelectual e quen contribuiría de forma decisiva a converter Galaxia nun instrumento de renovación e defensa da identidade galega. A súa figura, xunto coas doutros intelectuais como Domingo García-Sabell, Ricardo Carballo Calero e os propios Fernández del Riego e Illa Couto, daría lugar ao que se deu en chamar o grupo Galaxia, que pretendía artellar un discurso baseado nunha Galicia europeísta con personalidade cultural propia e un idioma capaz de vehicular calquera área do saber.

Galaxia iniciou a súa actividade coa publicación de *Antífona da cantiga*

non se retomaría ata 1963.

Desde entón e durante cincuenta anos, a revista Grial traballou pola difusión da cultura e do pensamento desde Galicia coa contribución de destacadas figuras galegas e tamén de intelectuais de fóra da comunidade, que colaboraron nas súas páxinas e participaron nos seus debates. Cunha difusión de 2.300 exemplares, a revista Grial é hoxe unha das publicacións culturais decanas da prensa española e un exemplo de xornalismo neste sector.

En paralelo ao labor editorial, no ano 1963 constituíuse en Vigo e na órbita de Galaxia a Fundación Penzol, que atesoura hoxe ao redor de 50.000 referencias, que inclúen libros, mapas, material sonoro, pergamiños medievais, correspondencia, etc. provenientes nos seus inicios dos fondos bibliográficos e documentais de Fermín F. Penzol-Lavandeira. Este material converteu á Fundación no principal fondo documental e de estudo da lingua e a literatura galegas, aberto ao público e aos investigadores na Casa da Cultura de Vigo.

Ao amparo de Galaxia, tamén xurdiron as fundacións Otero Pedrayo, creada en 1979 e dedicada ao escritor ourensán, e Illa Couto, que está orientada fundamentalmente a espiritualidade, economía, sociedade e estudos locais e que se constituíu en 1987.

Dous anos antes, asumira a dirección da editorial o escritor Carlos Casares, colaborador durante unha década de La Voz de Galicia, quen acometeu un proceso de modernización que abriu as portas de Galaxia a novos autores e deseñadores e incluíu o lanzamento das coleccións infantís e xuvenís Árbore e Costa Oeste. Nesta época tamén viu a luz a Biblioteca Básica da Cultura Galega, que recolle en 51 volumes as obras máis significativas da historia e a cultura galegas.

Na actualidade a editorial está presidida por Benxamín Casal e dirixida polo escritor Víctor F. Freixanes que, xunto con Henrique Monteagudo, leva tamén as rendas da revista Grial. Pese ao difícil escenario no que debe moverse na actualidade a actividade editorial, Galaxia continúa sendo no século XXI un selo imprescindible da vida cultural e intelectual da comunidade e, coa mesma ambición innovadora coa que naceu, busca hoxe acometer proxectos que lle permitan seguir crescendo e pór en marcha iniciativas editoriais innovadoras.